



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés
- Decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Monte Aloia

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que a Xunta de Galicia mediante este escrito aprecia a necesidade de formularlle ao Goberno requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación coa Resolución do 3 de decembro de 2008, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se convocan axudas ás comunidades autónomas para a execución de programas cofinanciados de dotación de infraestruturas deportivas en centros escolares públicos de educación infantil, primaria e secundaria



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de 5 anos na concesión dun aval por importe máximo de dous millóns douscentos corenta mil euros (2.240.00 euros) a *Industrias González, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de 5 anos na concesión dun aval subsidiario por importe máximo de once millóns cincocentos cincuenta mil euros (11.550.000 euros) a *Roberto Verino Difusión, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a excepcionar a solicitante na achega de garantías reais suficientes, superar o prazo de 5 anos de vixencia e establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe de doce millóns oitocentos mil euros (12.800.000 euros) a *Puerto de Celeiro, S.A.*
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de dous millóns de euros (2.000.000 euros) a *COMETAL INPESA, S.L.*

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca *Noitebús*, con cargo ao capítulo IV do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de inicio do procedemento de aprobación do plan sectorial de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico Cidade do Mar, en Vigo, de conformidade co disposto no artigo 22 e seguintes da Lei 10/95, de ordenación do territorio de Galicia e a disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto para a contratación da obra de construción dun novo edificio para o CEIP Xesús Golmar, de Lalín, Pontevedra



- Acordo polo que se aproba a repartición das cantidades adicionais do Plan de financiamento das universidades de Galicia 2005-2010 para o ano 2009, así como a distribución do Fondo de Calidade do Plan de Financiamento

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1.486 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello da Capela (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 5.002 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Ames (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde no Milladoiro

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio asinado o 5 de decembro de 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), para o estudo da viabilidade do cultivo de *crassostrea gigas* nas rías galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, para a promoción do mexillón certificado como DOP Mexillón de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, para o servizo de emisión dos documentos de rexistro de moluscos bilvalvos vivos, e da transmisión telemática dos correspondentes datos para o control da rastrexabilidade pola Administración
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a *Asociación Comité Ejecutivo Exposición Mundial de la Pesca World Fishing Exhibition* para o ano 2009, co obxecto da potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros co fin de intensificar o seu coñecemento e incrementar a súa competitividade na *World Fishing Exhibition 2009*



## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Carballeda de Avia, para a execución da obra de estación de tratamento de auga potable e abastecemento a Abelenda e colectores en Carballeda de Avia, Carballeda de Avia (Ourense), clave OH.532.700, por importe de setecentos vinte e cinco mil cen euros (725.100 euros)

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense para o acondicionamento da rúa da Inmaculada e outras, o acondicionamento da avenida Zamora, o acondicionamento da praza Sagrado Corazón e outras da cidade de Ourense
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Santiago de Compostela, para intervencións de urbanización de espazos públicos en Santiago de Compostela



## A XUNTA APROBA O NOVO PLAN DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS DO PARQUE BAIXA LIMIA–SERRA DO XURÉS PARA AMPLIAR O ESPAZO PROTEXIDO A TODOS OS CONCELLOS DA BAIXA LIMIA

- *O Consello da Xunta aprobou o PORN do Parque Natural, que ocupa actualmente en 20.920 hectáreas, ás cales se engadirán 8.842 máis para ampliar este espazo protexido aos concellos de Bande, Lobeira e Calvos de Randín, ademais de Entrimo, Lobios e Muíños*
- *Ten como obxectivos conservar a biodiversidade, e o establecemento de medidas de xestión, así como integrar a conservación do medio coas esixencias económicas, sociais e culturais de xeito que se poida asegurar un desenvolvemento económico e propiciar o desenvolvemento sustentable, favorecendo os usos respectuosos co ambiente*
- *Primaranse os aproveitamentos agrícolas e gandeiros que minimicen as afeccións ao territorio, polo que se fomentará o mantemento da agricultura tradicional mediante acordos que comprometan o uso de medidas agroambientais compatibles coa conservación dos hábitats*
- *As explotacións situadas no parque natural serán consideradas como prioritarias para a concesión de axudas*
- *O parque contará cun orzamento de 6,3 millóns de euros en cinco anos, que se destinarán a executar o plan de conservación da biodiversidade, á xestión de uso público, á restauración patrimonial e a gastos de carácter inmaterial*
- *Con esta ampliación consolídase o proxecto de creación da grande área protexida internacional xunto co parque portugués do Gêres, que suman arredor de 100.000 hectáreas e que foi proposto á Unesco como Reserva da Biosfera*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) do Parque Natural da Baixa Limia–Serra do Xurés, con fin de ampliar o espazo natural. O ámbito de actuación do plan estenderase ás 20.920 hectáreas que ten actualmente o parque, e ás novas 8.842 hectáreas en que se pretende ampliar este espazo natural protexido. Así, incluírá os concellos ourensáns de Bande, Lobeira e Calvos de Randín, ademais de Entrimo, Lobios e Muíños, que pertencen ao parque na actualidade. Deste xeito, todos os concellos da comarca ourensá quedarán integrados no parque natural, froito dun proceso de consenso exemplar.

Coa ampliación do parque da Baixa Limia-Serra do Xurés consolídase tamén o proxecto de creación da grande área protexida internacional xunto co parque portugués do Gêres, que suman arredor de 100.000 hectáreas e que foi proposto á Unesco como Reserva da Biosfera.

O Plan de ordenación dos recursos naturais, que ten como finalidade establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación do parque,



prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial, constituíndo as súas disposicións un límite para estas. Ten como obxectivos a conservación da biodiversidade (o parque alberga 64 especies consideradas clave), o establecemento de medidas de xestión, e a integración da conservación do medio coas esixencias económicas, sociais e culturais de xeito que se poida asegurar un desenvolvemento económico que mellore a calidade de vida dos residentes no parque e se propicie o desenvolvemento sustentable, favorecendo os usos respectuosos co ambiente, a través da regulación das actividades.

Neste sentido, primaranse os aproveitamentos que minimicen as afeccións sobre o territorio para manter as políticas agrarias, polo que se fomentará o mantemento da agricultura tradicional mediante acordos que comprometan o uso de medidas agroambientais compatibles coa conservación dos hábitats. Ademais, as explotacións situadas no parque natural serán consideradas como prioritarias para a concesión de axudas para a prácticas destes métodos.

No ámbito do parque estará permitido, pois, o cultivo e cría dentro das explotacións agropecuarias de especies ou razas representativas dos sistemas tradicionais de Galicia. Non obstante, estará prohibida a eliminación de bosquetes, a introdución de especies alóctonas invasoras e o uso extensivo do lume, entre outros.

Para fomentar o crecemento socioeconómico do territorio, posibilitarase a creación de novas áreas de expansión urbanística e equipamentos e servizos que non poñan en perigo os valores naturais e paisaxísticos. Así, deberase garantir a integración das edificacións na paisaxe e o mantemento do estilo tradicional do espazo, para o que se promoverán liñas de axuda e se fomentará a rehabilitación fronte á construción de novos edificios.

Nas directrices xerais do Plan de ordenación dos recursos naturais recóllese tamén a protección de bens do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico, polo que se permitirá o acceso regulado do persoal investigador e do público, sempre que non afecte de forma negativa a súa conservación. Ademais, colocaranse paneis informativos e educativos.

A flora e a fauna e os diferentes hábitats protexeranse mediante medidas específicas de xestión e poñeranse en marcha, se son precisas, iniciativas de conservación e xestión das especies endémicas ou ameazadas. Pola protección das catalogadas velarán os correspondentes plans de recuperación e conservación. Do mesmo xeito, procederase á eliminación das especies alóctonas, cuxa introdución no parque non está permitida.



O PORN exclúe, á hora de planificar e autorizar, as novas instalacións de enerxía eólica, hidroeléctrica e os aproveitamentos mineiros, así como aquelas que vulneren os recursos naturais protexidos.

### **Orzamento**

O programa económico do parque, que ten unha vixencia de cinco anos, recolle un orzamento de 6,3 millóns de euros en partidas para garantir a conservación da biodiversidade e dos compoñentes naturais do espazo, para xestionar o uso público, para a restauración dos elementos patrimoniais, así como para a implementación para o funcionamento do parque natural. A esta dotación orzamentaria hai que engadirlle os fondos económicos do recentemente conseguido Interreg IV, que ascenden a 3,8 millóns, que Galicia xestionará conxuntamente con Portugal durante os vindeiros dous anos.

### **Zonificación**

O Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés inclúe un sistema de zonificación que será unha ferramenta básica para asegurar os obxectivos de conservación do parque. Establécense catro áreas:

- **De interese prioritario:** que abrangue un 30,4% do espazo do parque e está subdividida en dúas áreas. Corresponde coa zona de reserva integral e a de protección especial, é dicir, con terreos cun valor de conservación moi alto.
- **De uso restrinxido:** é unha zona de rexeneración forestal que ocupa un 33,4% do terreo que integra espazos cun alto valor de conservación nun espazo cun nivel importante de humanización.
- **De uso moderado:** inclúe esta zona de cultivos, o 33,5% do parque. Ten un valor de conservación medio e nela están asentados pequenos núcleos rurais de carácter tradicional.
- **De uso xeral:** correspóndese coa zona de augas artificiais, as de servizos e os núcleos rurais e urbanos. Representa un 2,7% do espazo do parque.





## A XUNTA APROBA O PLAN DE REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA, QUE PROMOVE A PRESERVACIÓN E POTENCIACIÓN DOS SEUS RECURSOS NATURAIS E A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO SEU CONTORNO

- *O plan, que conta cun orzamento de 1,6 millóns de euros, desenvolverase a través de tres programas de actuación: de conservación da biodiversidade, de aproveitamentos forestais e de uso público*
- *O documento recolle a mellora da calidade de vida dos habitantes do espazo natural mediante a adopción de accións de desenvolvemento, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sustentable dos recursos naturais*
- *O novo regulamento, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, inclúe o deseño dunha imaxe corporativa do parque natural, que recollerá os valores máis salientables do territorio, así como os fins e obxectivos de protección que persegue*
- *O Monte Aloia convértese no primeiro dos seis parques naturais de Galicia en contar cun plan de uso e xestión, que prevé un sistema de zonificación con tres áreas: de uso restrinxido, moderado e xeral*

O Goberno galego deu luz verde hoxe ao decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Natural do Monte Aloia, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Trátase do regulamento mediante o cal se establece un modelo de xestión deste espazo natural, situado no suroeste da provincia de Pontevedra, no concello de Tui, e que abrangue unha superficie de 746,29 hectáreas.

O PRUX, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, recolle as directrices de xestión e ordenación do Parque Natural do Monte Aloia, conforme o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) do espazo. O Plan reitor de usos e xestión, cuxo prazo máximo de vixencia son 6 anos (poderá ser revisado antes se se producen modificacións salientables no espazo), conta cun orzamento de 1.636.300 euros para a execución das accións recollidas nel.

Así, entre as medidas previstas, cabe resaltar todas aquelas encamiñadas á conservación e potenciación dos recursos naturais e da biodiversidade deste espazo, como a preservación e restauración do hábitat e especies senlleiras do territorio.

Outro dos obxectivos recollidos no plan é o de mellorar a calidade de vida dos habitantes do Monte Aloia, declarado parque natural en 1978, mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, relacionadas, en especial, co uso público, o turismo e o aproveitamento sustentable dos recursos





naturais. Na mesma liña, prevese a elaboración dun programa de seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do espazo, co fin de avaliar axeitadamente a repercusión dos programas e proxectos sobre as características naturais do espazo. Igualmente, farase promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do parque, en coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

Así mesmo, promoverase a loita contra o cambio climático, mediante a redución dos gases efecto invernadoiro nas actividades e actuacións que se desenvolvan no Parque Natural do Monte Aloia, e a xestión integral dos residuos.

No que respecta ás actividades, con carácter xeral, considéranse usos e actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do parque natural. Pola contra, quedan especificamente excluídas, á hora de planificar e autorizar, as novas instalacións de enerxía eólica, hidroeléctrica, aproveitamentos mineiros, así como aquelas que vulneren os recursos naturais protexidos.

### **Zonificación**

O Plan reitor de uso e xestión do Monte Aloia aplica un sistema de zonificación, que se establece como ferramenta básica para a planificación e xestión do espazo natural. Así, delimitaranse tres tipos de zonas:

- **De uso restrinxido ou limitado:** as áreas que conteñen os principais valores naturais do parque e as especies protexidas e catalogadas. Estes espazos dedicaranse fundamentalmente a funcións de conservación, rexeneración, investigación e uso educativo controlado.
- **De uso moderado ou forestal:** superficies do parque que están sometidas a aproveitamento forestal ordenado, de carácter tradicional e compatible cos obxectivos de conservación do parque.
- **De uso xeral:** espazos con valores naturais e paisaxísticos que constitúen lugares de estancia, recreo e lecer ao aire libre, de modo compatible coa conservación e a educación ambiental.

### **Tres eixes da actuación**

No tocante á xestión, o PRUX desenvolverase a través de tres programas básicos de actuación:

1. **Programa de conservación da biodiversidade**, que inclúe cinco subprogramas: de seguimento e control da fauna e da flora; de catalogación e análise e diagnóstico dos hábitats; programas de inventariación histórica e arqueolóxica; programa de medidas correctoras de zonas húmidas e leitos fluviais e seguimento do estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade.



2. **Programa de aproveitamentos forestais:** establécense tres liñas fundamentais: plan de ordenación redactado, que regula a xestión e o uso forestal da superficie do Monte Aloia, a rexeneración forestal e a defensa contra os incendios.
3. **Programa de uso público,** con dúas liñas principais: a avaliación da capacidade de acollida e o programa de itinerarios e sinalización.

Así mesmo, considéranse traballos prioritarios de investigación os da situación de determinadas especies; da evolución de ecosistemas singulares; do control e erradicación de especies foráneas; así como estudos sobre o risco de incendios. Os traballos para a posta en valor dos bens culturais do parque, así como das actividades tradicionais compatibles coa conservación dos ecosistemas, serán tamén obxecto de investigación.

#### **Imaxe de marca**

Por último, o Plan reitor de uso e xestión recolle o deseño da imaxe corporativa do Parque Natural do Monte Aloia, que plasmará os valores máis salientables do territorio, así como os fins e obxectivos de protección que se perseguen. Así, a administración do parque, en colaboración coa xunta consultiva, elaborará un regulamento que especifique as características da imaxe de marca.



## O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS ECONÓMICAS PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello da Xunta aprobou o documento que regula as bases para a convocatoria destas axudas, que será publicado no DOG*
- *Esta convocatoria ten como obxectivo proporcionarlles ás mulleres que sofren este tipo de violencia o apoio que lles garanta a independencia económica respecto do seu agresor*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se regulan as bases para a concesión e para a convocatoria da liña de axudas periódicas de apoio para as mulleres que sofren violencia de xénero, tamén coñecida como *salario da liberdade*. Estas axudas, que se conceden a través do Servizo Galego de Igualdade (SGI), teñen como obxectivo proporcionarlles ás mulleres que sofren este tipo de violencia o apoio que lles garanta as condicións de suficiente independencia económica respecto do seu agresor para dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo. A contía inicial para esta vindeira convocatoria ascende a máis de 1,42 millóns de euros.

Poderán ser beneficiarias destas axudas todas as mulleres que, residindo en Galicia e acreditando unha convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero, estean nunha situación económica que lles impida afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor. Para recibir esta axuda económica as mulleres deben acreditar a súa condición de vítima de violencia de xénero con documentos acreditativos desta situación adoptados ou emitidos no período de doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude, e sempre que nese momento se producise o cesamento da convivencia.

Esta convocatoria consiste nunha axuda económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas cales se concedeu. A contía que poderá recibir cada muller establécese en función dos seus ingresos en relación co Indicador Público de Renda e Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2009. Segundo este baremo, unha muller pode percibir 600 euros ao mes no suposto de que perciba rendas de contía igual ou inferior ao IPREM, ou no caso de que acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento; a axuda será de 400 euros se as rendas son superiores ao IPREM e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM; e a axuda será de 200 euros mensuais cando a beneficiaria perciba rendas de entre o dobre e o triplo do IPREM. Todas as contías establecidas se incrementarán en 50 euros ao mes por cada fillo ou filla menor de idade a cargo.



Así mesmo, todas as beneficiarias quedarán incorporadas ao programa de busca activa e mellora do emprego que se desenvolve desde o Servizo Galego de Igualdade en colaboración con outras administracións e entidades.



## A XUNTA INTERPORÁ AO GOBERNO CENTRAL UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA POLAS SUBVENCIÓNS DO CONSELLO SUPERIOR DE DEPORTES PARA A DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS EN CENTROS ESCOLARES

- *Entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de deportes que atribúe o Estatuto*

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou na súa reunión de hoxe formular ao Goberno central un requirimento de incompetencia contra a Resolución do 3 de decembro de 2008, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se convocan axudas ás comunidades autónomas para a execución de programas cofinanciados de dotación de infraestruturas deportivas en centros escolares públicos de educación infantil, primaria e secundaria.

O Goberno galego entende que a resolución mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto, xa que o poder de gasto ou subvencional é sempre un poder instrumental que se exerce “dentro” e non “na marxe” da orde de competencias establecida, e polo tanto o poder de subvencionar vai unido á competencia na materia sobre a que se incide. A este respecto a Xunta entende que o Estado non ten competencia sobre a materia obxecto destas axudas, as infraestruturas deportivas, incluídas as dos centros educativos, posto que todos os estatutos de autonomía recepcionaron a competencia en materia de deportes cualificándoa de exclusiva, como figura no artigo 27.22 do Estatuto de autonomía galego.

Por outra parte, no requirimento autorizado hoxe polo Consello da Xunta cuestiónase tamén esta liña de libramento de fondos estatais como subvención que se somete ao mesmo réxime xurídico que se os destinatarios fosen particulares, desatendendo un elemento tan importante como que se está operando con comunidades autónomas, dotadas constitucionalmente dunha autonomía do máximo nivel institucional e político. Esta cuestión supón, en opinión da Xunta, unha extralimitación constitucional, xa que se está sometendo ás Comunidades Autónomas a unha dimensión de inferioridade xerárquica fronte ao Estado, e en concreto ante un organismo autónomo deste, como é o Consello Superior de Deportes. O Goberno galego entende que non cabe deseñar estas axudas como subvencións, senón que se o Estado quere axudar financeiramente as comunidades debe quedarse nunha transferencia para a súa integración nos orzamentos da facenda autonómica.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA OPERACIÓNS DE AVAL PARA EMPRESAS DOS SECTORES PESQUEIRO, TÉXTIL E METAL POR IMPORTE DE 28,6 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego apoia deste xeito, achegando garantías, novos investimentos, refinanciamento de pasivos ou financiamento de circulante*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou operacións de apoio a empresas dos sectores pesqueiro, téxtil e industrial por un importe global de 28,6 millóns de euros. Os apoios, que serán facilitados a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Facenda, consisten en avais para garantir préstamos bancarios destinados a investimentos, operacións de circulante ou refinanciamento de pasivos, e van destinados a firmas como Porto de Celeiro, no sector pesqueiro; Roberto Verino, no sector téxtil; e Industrias González e Cometal Inpesa, no ámbito da fabricación de produtos metálicos.

A operación de aval a Porto de Celeiro, por importe máximo de 12,8 millóns de euros, está destinada a garantir o 40% do principal dun ou varios préstamos por importe máximo conxunto de 32 millóns de euros, destinados á adquisición de dereitos de pesca aos socios da firma. A operación forma parte dunha reestruturación da sociedade mediante o refinanciamento de pasivos, obtención de capital e financiamento para adquisición de dereitos de pesca aos armadores, coa que Porto de Celeiro prevé mellorar a súa xestión dos produtos pesqueiros e gañar competitividade futura.

O aval que o Igape concede a Roberto Verino, por un importe máximo de 11,55 millóns, está destinado a garantir o 70% dun préstamo bancario por importe de 16,5 millóns de euros e destinado ao refinanciamento de pasivos e ao financiamento de circulante e á cobertura de necesidades de tesourería desta empresa téxtil.

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou ao Igape a concesión dun aval de ata 2 millóns de euros a Cometal Inpesa, unha empresa que se propón impulsar importantes investimentos para diversificar a súa actividade, a fabricación de produtos metálicos, para superar a dependencia de sectores actualmente pouco dinámicos como a construción civil. A empresa prevé investir case 10 millóns de euros en novas instalacións e bens de equipo destinados ampliar o abano de produtos que se elaborarán e sumarán ás estruturas metálicas que fabricaba ata agora, á fabricación de soportes para enerxías renovables ou estruturas de instalacións náuticas, entre outros. O aval do Igape está destinado a garantir ata o 50% dun préstamo bancario de 4 millóns de euros destinado ao financiamento dos investimentos citados.



Finalmente, o Igape concede un aval por importe máximo de 2,24 millóns de euros para garantir ata o 70% dun préstamo bancario de 3,2 millóns destinado a cubrir as operacións de refinanciamento de pasivos e financiamento de circulante que impulsa a empresa de fabricación de produtos metálicos Industrias González.





## **A XUNTA DESTINA 6,75 MILLÓNS DE EUROS A SUBVENCIONAR OS CONCELLOS E EMPRESAS DE TRANSPORTE QUE QUEIRAN IMPLANTAR O NOITEBÚS**

- *As axudas, que duplican as do ano pasado, acadarán o 90 por cento do importe total do servizo*
- *A orde de axudas recolle o financiamento de rutas durante o segundo semestre deste ano e o primeiro semestre de 2010*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, dirixida a concellos e empresas de transporte para a implantación de rutas de *Noitebús* en toda Galicia. Esta orde, que proximamente publicará o *Diario Oficial de Galicia*, está dotada con 6,75 millóns de euros (4,5 millóns para empresas e 2,25 millóns para as entidades locais) e a súa vixencia correspóndese co segundo semestre deste ano e o primeiro semestre de 2010. A contía total para o citado período case duplica os 4,2 millóns destinados para tal fin no período anterior que abarcaba todo o ano 2008 e o primeiro semestre deste ano.

O obxectivo final desta liña de axudas é que o *Noitebús* se estenda xeográfica e temporalmente, de xeito que os servizos funcionen durante todo o ano no maior número de sitios posibles. A orde especifica como subvencionables os servizos de transporte nocturno a lugares de lecer, ben de carácter regular temporal (dos cales serán beneficiarias as empresas), ben de carácter especial (dos cales se beneficiarán os concellos). Todas as rutas deben ter carácter interurbano, polo que quedan expresamente excluídos os servizos de carácter urbano.

Así mesmo, establécese como requisito que os servizos obxecto de subvención se deben programar necesariamente entre as 22,00 horas e as 7,00 horas do día seguinte e que haberá un mínimo de dezaseis xornadas efectivas de prestación durante todo o período.

Para acollerse ás axudas –que acadarán ata o 90 por cento do importe total do servizo planificado– as empresas e concellos interesados disporán dun prazo mínimo dun mes a partir da publicación no DOG para solicitar a correspondente subvención. A tramitación destas axudas realizarase obrigatoriamente vía telemática a través da web [www.cptopt.xunta.es](http://www.cptopt.xunta.es), no epígrafe correspondente á Dirección Xeral de Transportes. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Transportes disporá de tres meses a partir da mesma publicación para resolver as solicitudes presentadas.



### **Condições para os usuarios**

Como en todas as edicións anteriores, o prezo dos billetes establécese obrigatoriamente en 2 euros, que dará dereito á utilización sen límite de veces do servizo ao longo dunha mesma xornada, e non se admitirá a redución deste importe nin a venda de títulos simples de só ida ou só volta. De xeito excepcional e motivado poderíanse solicitar modalidades de tarifa diferente ou tarifas superiores atendendo ás singularidades do servizo.

Nos billetes que se entreguen aos usuarios, que serán numerados e que deberán levar a bordo do vehículo, deberá figurar a marca *Noitebús* coa súa imaxe corporativa así como a indicación de que é un servizo subvencionado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Cómpre lembrar que o *Noitebús* é unha das medidas que se inclúen no Plan galego de seguridade viaria 2006-2010 elaborado pola CPTOPT, en colaboración co resto das consellerías e doutras administracións e que ten como obxectivo reducir a sinistralidade dos mozos nas estradas galegas.

Os datos de usuarios do Noitebús, que durante o ano pasado foi empregado por máis de 240.000 persoas nas 176 rutas operativas, corroboran que este servizo de transporte nocturno a zonas de lecer se consolida entre os mozos e mozas como unha alternativa real ao transporte privado. Cómpre salientar que desde que se puxo en marcha como experiencia piloto en 2006, o Noitebús foi empregado por unhas 342.000 persoas en toda Galicia.



## INÍCIASE O PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO CIDADE DO MAR EN VIGO

- *Este proxecto comprende un conxunto de infraestruturas que implica as tres universidades galegas, o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía e terá proxección autonómica, estatal e internacional no ámbito mariño*

O Consello da Xunta autorizou o inicio do procedemento de aprobación do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar. Así, acordouse a declaración de incidencia supramunicipal do plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar en Vigo e o inicio do seu procedemento de aprobación. Ao tempo, o Consello designou a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como órgano competente para a tramitación do expediente correspondente, en concordancia coa decisión adoptada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 11 de outubro de 2007.

Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación de determinadas actuacións de indubidable incidencia territorial en materia de infraestruturas, dotacións e outras instalacións, tanto de iniciativa pública como privada, que se asentán sobre varios termos municipais ou daquelas en que a súa incidencia transcenda o estrito ámbito local pola súa magnitude, importancia ou especiais características.

Neste sentido, o plan sectorial cuxa tramitación e aprobación se leva a cabo facilitará o desenvolvemento do Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar que deberá xerar un efecto proactivo no tecido económico de Galicia ao desenvolver un marco de referencia internacional para a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación no ámbito mariño.

Trátase dun conxunto de infraestruturas científico-tecnolóxicas que implica as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), o Instituto Español de Oceanografía e outros centros públicos de investigación, polo que é evidente o seu carácter supramunicipal ao actuar con proxección autonómica, estatal e internacional no ámbito mariño.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 11 de outubro de 2007, e atendendo o interese público e utilidade social das infraestruturas, dotacións e instalacións propias do complexo científico-tecnolóxico Cidade do Mar, acordou autorizar o inicio da formulación do Plan Sectorial de Ordenación Territorial que regule a implantación deste complexo dotacional no ámbito da Escola de Transmisión e Electrónica da Armada (ETEA), encomendándolle á Consellería de Educación e



Ordenación Universitaria a tramitación e impulso dos procedementos necesarios para a súa materialización e tramitación.



## **A XUNTA INVESTIRÁ 5,4 MILLÓNS NA CONSTRUCIÓN DUN NOVO EDIFICIO PARA O CEIP XESÚS GOLMAR DE LALÍN**

- *O novo centro contará con 12 aulas de infantil e 18 de primaria, ademais de cociña e comedor e ximnasio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de gasto para a contratación da obra de construción dun novo edificio para o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Xesús Golmar de Lalín. O valor estimado do contrato é de 5,4 millóns de euros.

A obra consiste na reposición do centro actual, situado na rúa E 9, que na actualidade conta cunha edificación principal e varias auxiliares, que non permiten o crecemento do centro nin a súa adecuación ás novas necesidades da ensinanza. Así, a Consellería de Educación realizará unha demolición desta infraestrutura, que substituirá por novas edificacións e espazos libres, que dotarán o centro de máis espazo construído, con instalacións funcionais e modernas, ademais de novas zonas deportivas e espazos de xogo.

Esta actuación permitirá acadar un centro con 12 aulas de infantil; e en primaria, 6 aulas de primeiro ciclo, 6 de segundo ciclo e outras tantas de terceiro ciclo. Na actualidade, o CEIP conta cun total de 561 alumnos matriculados, 185 en educación infantil e 376 en primaria.

A nova construción consistirá nunha edificación de semisoto, baixo e dúas plantas altas. Ademais, proxéctanse dous volumes menores dunha planta. No primeiro caso trátase dunha edificación, vinculada e conectada á principal por un corredor pechado, que serve para complementar a zona de infantil, xerando patios de relación e xogos. O segundo é un ximnasio conectado co edificio principal por zonas cubertas.

A superficie total do edificio é de 4.279 metros cadrados. En canto á distribución, o semisoto albergará a cociña e o comedor, así como aseos, vestiarios de persoal non docente, almacéns e cuarto da limpeza. Na planta baixa situaranse as aulas de infantil, aseos, un espazo común para o alumnado desta etapa e os locais da ANPA e a da asociación de alumnos, así como o despacho de orientación, da dirección e da xefatura de estudos, a secretaría, a conserxería e a zona de reprografía.

En canto á primeira planta, esta albergará 10 aulas de primaria e 6 de pequeno grupo, a biblioteca, o obradoiro de música e a aula de informática, ademais de aseos. Na segunda planta situaranse 8 aulas de primaria. Ademais, o centro contará cun ximnasio de 394 metros cadrados.



Un dos obxectivos prioritarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é dar un salto cuantitativo e cualitativo importante nas edificacións da rede de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma, adecuándoos ás esixencias funcionais da normativa actual, así como aos actuais requirimentos enerxéticos de seguridade, accesibilidade, eficiencia, acceso ás TIC desde todos os espazos educativos, etc.



## A XUNTA DESTINA ESTE ANO ÁS UNIVERSIDADES MÁIS DE 20 MILLÓNS DE EUROS ADICIONAIS DO PLAN DE FINANCIAMENTO 2005-2010

- *O Goberno galego compensa deste xeito a redución do orzamento que terían que asumir as universidades en aplicación do plan de financiamento vixente, asinado polas institucións académicas co anterior executivo*
- *O plan de financiamento vixente vincula os orzamentos universitarios coa evolución dos ingresos non financeiros da comunidade, que en 2009 caerán un 2%*
- *O Goberno galego compensa a caída de ingresos e inclúe diversas achegas adicionais para o ano 2009 que ascenden a 20.780.794 euros*
- *A Xunta incrementou nesta legislatura un 40% o financiamento universitario e un 89% o gasto por alumno*

O Consello da Xunta vén de autorizar o acordo polo que se aproba a repartición das cantidades adicionais do Plan de financiamento das universidades de Galicia 2005-2010 para o ano 2009, así como a distribución dalgunhas partidas referidas a contratos programa asociados o Fondo de Calidade do plan de financiamento. Trátase dun total de 20.780.794 euros

A evolución do Plan de financiamento das universidades de Galicia 2005-2010 asinado polas tres institucións académicas co anterior Goberno galego susténtase fundamentalmente na taxa de variación dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados na Comunidade Autónoma, que en 2008 foi do 8,28% e en 2009 do -2%. Esta situación supoñía unha redución no financiamento universitario debido á baixada de ingresos, polo que o Goberno galego decidiu a inclusión de diversas achegas adicionais para o ano 2009 que ascenden a un total de 20.780.794 euros para non só compensar esa baixada de ingresos, senón incrementar o orzamento das universidades.

Así, no tocante á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), e respecto do concepto *Complemento Plan de Financiamento*, distribuiranse 9.411.794 euros entre as tres universidades proporcionalmente ao que reciben polo Fondo de Financiamento Incondicionado segundo a aplicación do plan de financiamento vixente en 2009.

Respecto do concepto *Adaptación das universidades galegas ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES)* e *Complemento do Plan de Financiamento*, destinaranse ás tres universidades galegas 8 millóns de euros:





- Un total de 3,5 millóns de euros serán distribuídos de acordo aos criterios e indicadores establecidos no exercicio 2008 para a adaptación das universidades galegas ao EEES
- Os restantes 4,5 millóns de euros destinaranse para o complemento do Plan de Financiamento asociado á converxencia no EEES, que serán distribuídos entre as tres institucións universitarias proporcionalmente ao que reciben polo Fondo de Financiamento Incondicionado segundo a aplicación do Plan de Financiamento vixente en 2009.

Ademais, dentro da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, e respecto do concepto *Promoción e intensificación da función investigadora*, destinarase un total de 1.369.000 euros, que serán distribuídos entre as tres universidades de acordo aos obxectivos, criterios e indicadores establecidos no convenio 2008 que desenvolve o Programa de intensificación.

No tocante ao concepto *Programa de servizos de apoio a I+D*, distribuiranse 2 millóns de euros entre as universidades galegas de acordo aos obxectivos, criterios e indicadores establecidos no convenio 2008 que desenvolve o Programa de apoio ao desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.

Por outra banda, respecto do Fondo de Calidade, o Consello da Xunta aprobou hoxe a incorporación dos fondos non adxudicados nas partidas de sexenios e complementos autonómicos á partida de contratos-programa.

O Goberno galego ten incrementado nesta lexislatura nun 40% o financiamento universitario e nun 89% o gasto por alumno.



## O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 2,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE NOVOS CENTROS DE SAÚDE NOS CONCELLOS CORUÑESES DA CAPELA E AMES

- *O centro de Ames, na área sanitaria de Santiago, terá un orzamento de 2,1 millóns de euros, e dará servizo a unha poboación de máis de 10.000 habitantes*
- *Pola súa banda, o centro da Capela, na área sanitaria de Ferrol, terá un orzamento de 350.000 euros, e atenderá unha poboación de 1.400 persoas*
- *No primeiro ano de vixencia do Plan Director de Infraestruturas Sanitarias, a Xunta iniciou a construción de 11 novos centros de saúde e as reformas doutros 8, cun investimento de 25 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe dous acordos para a aceptación da cesión a título gratuito, ao Servizo Galego de Saúde, de cadansúa parcela, por parte dos concellos coruñeses da Capela e de Ames, con destino á construción de dous centros de saúde.

O investimento total estimado que realizará o Servizo Galego de Saúde no centro de O Milladoiro (Ames), na área sanitaria de Santiago, sitúase en torno aos 2,1 millóns de euros. Pola súa banda, o investimento no centro de saúde da Capela estará ao redor de 350.000 euros.

Ambos os dous centros forman parte do Plan Director de Infraestruturas Sanitarias que prevé un investimento de máis de 1.300 millóns de euros nos seis anos comprendidos entre 2008 e 2013.

Neste primeiro ano de vixencia do plan, o Goberno de Emilio Pérez Touriño ten iniciado no eido da Atención Primaria un total de 11 novas construcións de centros de saúde (dun total de 66 previstas), e grandes reformas noutros oitos centros (dun total e 22 proxectadas), o que representa un 36,4 por cento -máis dun terzo- dos obxectivos do plan. Estas actuacións xa iniciadas ou licitadas suman en total 25 millóns de euros, dun total de 90 previstos a mellorar a dotación en infraestruturas da Atención Primaria galega.

A parcela que cede o municipio de Ames ten unha superficie de 5.002 metros cadrados, en forma poligonal, e está ubicada no Milladoiro, no sector urbanizable denominado Travesía do Porto Sur.

Pola súa banda, a parcela que cede o concello coruñés da Capela, na área sanitaria de Ferrol, ten unha superficie de 1.486 metros cadrados e está situada no Lugar de As Neves, parroquia de A Capela-Santiago.



### **Plans funcionais**

O centro do Milladoiro, que está previsto que atenda unha poboación futura de 15.000 habitantes, contará con sete consultas de medicina xeral, sete consultas de enfermería, unha consulta para matronas, unha sala de educación maternal, dúas consultas de odontoloxía, unha para o traballador social, unha sala de mostras, unha para a realización de cirurxía menor, e cinco consultas polivalentes. Tamén terá consulta de fisioterapia, dúas consultas de pediatría e unha consulta de enfermaría de pediatría.

Ademais, contará con arquivo de historias clínicas e sala de xuntas/biblioteca, entre outras dependencias.

Pola súa banda, o centro de saúde da Capela, que atenderá unha poboación de preto de 1.400 persoas, contará cunha consulta de medicina xeral, unha de enfermería e dúas salas polivalentes. Ademais estará dotado de arquivo de historias clínicas e sala de xuntas/biblioteca, entre outras dependencias.



## O GOBERNO GALEGO ULTIMA O ESTUDO SOBRE A VIABILIDADE DO CULTIVO DA OSTRÁ RIZADA EN GALICIA

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) para afondar na investigación desta variedade de ostra*
- *Para continuar este proxecto o departamento autonómico realizará unha achega económica de 40.410 euros, que se suma á cantidade inicial achegada para esta iniciativa e que ascendía a 205.357 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado no ano 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación Cetmar co obxecto de estudar a viabilidade do cultivo nas rías galegas da ostra rizada ou ostra grande, denominada cientificamente *Crassostrea gigas*. Este é un proxecto de investigación considerado necesario polas partes asinantes como paso previo a unha eventual autorización para o cultivo desta especie con finalidade comercial. A realización desta iniciativa, que contou cunha achega inicial de 205.357 euros por parte do departamento de Pesca, amplíase agora con 40.410 euros máis.

Os obxectivos específicos con que naceu esta actuación son, por unha banda, a avaliación do éxito reprodutivo da especie en augas galegas a partir do recrutamento e da influencia de determinados parámetros ambientais sobre este aspecto. Por outra, o estudo comparativo entre ostras salvaxes e ostras de cultivo en canto ao ciclo de desenvolvemento gametoxénico e aos posibles parasitos e patoloxías máis importantes que poderían afectar a *Crassostrea gigas* en Galicia. Por último, avaliar a viabilidade do establecemento dun cultivo integral de ostra rizada no intermareal da ría do Barqueiro e a súa posible implementación no ámbito da confraría de pescadores.

Coa sinatura desta addenda, o proxecto ampliarase e dará continuidade a dúas liñas de investigación iniciadas ao longo da execución do estudo e que teñen que ver primeiramente con profundizar na análise sobre a presenza de axentes contaminantes e valorar en detalle a súa repercusión no cultivo da especie. En segundo lugar, completar o estudo xenético co fin de lograr unha determinación xenética definitiva das poboacións de ostra que se estableceron nalgunhas das rías altas.

O convenio asinado entre Pesca e Cetmar, e agora ampliado, estará vixente ata decembro deste ano e terá como condición de realización que para os traballos o Cetmar deberá dispor do persoal suficiente coa titulación axeitada. Entre os labores que se desenvolverán inclúese a toma de mostras nas rías altas e na ría de Arousa e a análise das mostras recollidas, así como a elaboración de informes, estatísticas e difusión de resultados. Así mesmo, no marco desta addenda, o Cetmar porá ´s



disposición do persoal asignado ao proxecto os medios de transporte, equipamentos técnicos e outros materiais necesarios para a prestación dos servizos.

Todos os traballos se realizarán baixo a dirección, programación e supervisión da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a través da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

### **Antecedentes á posta en marcha do proxecto**

A posta en marcha deste proxecto de investigación xorde despois de que a Consellería de Pesca constatase que o cultivo da ostra plana nas rías galegas, especie de alto interese comercial e de gran tradición nos mercados da nosa comunidade, fose obxecto nos últimos tempos de serias dificultades debido a problemas patolóxicos e ambientais que limitan a súa engorda, e por causa da escaseza de semente que motivou unha gran dependencia da importación. Esta circunstancia viuse agravada nos últimos anos polas baixas cifras de produción de semente acadadas nos principais países subministradores.

Deste xeito, e co fin de garantir a supervivencia do sector da ostra, nalgúns países da Unión Europea optouse por introducir unha ostra foránea, é dicir, a ostra xaponesa, rizada ou como se denomina cientificamente, *Crassostrea gigas*. O motivo principal foi que esta especie presenta mellores taxas de crecemento, baixas mortalidades e resistencia a patoloxías. Porén, para poder introducila nas rías galegas considerábase que podería verse condicionada por outras cuestións que determinan a calidade final do produto e polo tanto, a súa viabilidade económica.

A raíz desta situación formulouse a posta en marcha deste proxecto de investigación, para afondar na a viabiliade do cultivo da ostra rizada, e fíxose efectivo a través da sinatura dun convenio de colaboración entre Pesca e Cetmar en decembro de 2006 para levalo a cabo.

De todos os xeitos, froito dun convenio anterior entre Pesca e Cetmar xa se puido comprobar que o crecemento da *Crassostrea gigas* en augas galegas é moi elevado, a mortalidade baixa e a súa calidade moi boa. Así mesmo, non se detectou recrutamento da especie nas Rías Baixas aínda que se se observou a existencia de ostras rizadas salvaxes nas rías de Ribadeo e do Barqueiro.



## XUNTA E CONSELLO REGULADOR COLABORAN NA PROMOCIÓN DO MEXILLÓN DE GALICIA E NO CONTROL DA SÚA RASTREXABILIDADE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador que estarán vixentes ata finais deste ano*
- *Con estas accións perséguese impulsar a consolidación da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia, así como dispor dun servizo que permita a emisión telemática dos documentos de rexistro de bivalvos vivos dun xeito áxil*
- *Estes protocolos suporán uns investimentos de máis de 2,1 millóns de euros, ata decembro de 2009*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia para a promoción do recurso certificado baixo a Denominación de Orixe Protexida, así como para dispor dun servizo para a emisión telemática de documentos de rexistro de moluscos bivalvos vivos dun xeito áxil e eficiente que permita a rastrexabilidade das diferentes partidas desembarcadas. Estes protocolos, que contarán cun investimento de algo máis de 2,1 millóns de euros, estarán vixentes ata o 15 de decembro de 2009, pero poderán ser prorrogados tras o acordo das partes.

A Administración pesqueira galega fará unha importante achega económica para consolidar a Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia, o primeiro recurso do mar en acadar este distintivo outorgado pola Unión Europea, e promocionar o produto certificado baixo o seu amparo, incrementando así a súa competitividade. Concretamente, as accións que se levarán a cabo consistirán na realización dunha campaña de promoción no ámbito nacional, actividades de asistencia a feiras no ámbito estatal e internacional para a difusión do mexillón certificado como DOP e actuación promocional en eventos relevantes para dar a coñecer o recurso.

A partida que achegará Pesca ao abeiro deste convenio poderá ser cofinanciada co Fondo Europeo da Pesca, de xeito que esa participación, xunto coa da Consellería, terá que constar en todas as actividades que se desenvolvan ao abeiro do protocolo. Ademais, o Consello Regulador terá que acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non ten débedas pendentes coa Administración, ao tempo que terá que remitir ao departamento autonómico unha memoria descritiva da realización das iniciativas recollidas no acordo.

Así mesmo, de cara a velar polo cumprimento do convenio, constituirase unha comisión de seguimento composta polo director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, por parte da Consellería, e polo presidente do Consello Regulador. De feito,



será no seo deste organismo onde se aborden cuestións relativas á interpretación, modificación ou efectos da aplicación do protocolo.

Esta actuación inclúese nos obxectivos da Consellería de Pesca de potenciar, difundir e promocionar os sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o seu coñecemento e aumentar así a súa competitividade.

### **Control da rastrexabilidade**

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a subscrición doutro acordo de colaboración entre Pesca e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia para dotar a este organismo dos medios necesarios para abordar, ao longo deste ano, o servizo de emisión de documentos de rexistro de moluscos bivalvos vivos e da transmisión telemática dos datos correspondentes para o control da rastrexabilidade, por parte das administracións, das diferentes partidas desembarcadas. Con esta medida quérese dar cumprimento ao Regulamento (CE) nº 853/2004 e á Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.





## O EXECUTIVO AUTONÓMICO COLABORA NA PROMOCIÓN DO SECTOR E OS PRODUTOS PESQUEIROS NO MARCO DA *WORLD FISHING EXHIBITION VIGO 2009*

- *O obxecto deste acordo é establecer a colaboración entre Pesca e a feira para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros neste evento de carácter internacional que terá lugar na cidade olívica no mes de setembro*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Asociación Comité Executivo Exposición Mundial da Pesca World Fishing Exhibition (WFE) que ten como obxecto a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros neste evento de carácter internacional. A finalidade é intensificar o seu coñecemento e incrementar a súa competitividade no marco da *World Fishing Exhibition Vigo 2009*, que terá lugar no recinto feiral de Cotogrande entre os días 16 e 19 de setembro, e na cal se darán cita as asociacións e empresas máis representativas da industria da pesca, tanto de ámbito estatal como internacional.

Para este fin, e no marco do convenio que subscribirán Pesca e o Comité Executivo da WFE, a Administración pesqueira galega achegará un investimento de 223.436,36 euros, cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca (FEP 2007-2013).

As accións específicas que se desenvolverán ao abeiro deste acordo teñen que ver coa construción e atención da denominada Praza de Galicia nunha área preferente de 1.900 metros cadrados da propia feira e que servirá, ademais de como punto de encontro de expositores e visitantes, para a promoción dos produtos da pesca e a acuicultura. Así mesmo, prevé a realización de actos de promoción dirixidos ás empresas de proxectos e oficinas técnicas, equipamento de frío, redes, electrónica e material consumible pola industria pesqueira que teña como obxectivo a mellora da calidade dos produtos pesqueiros.

Tamén se desenvolverá a promoción de proxectos e instalacións de acuicultura, a súa construción e desenvolvemento desde o punto de vista do fomento da calidade e a produción sustentable. Do mesmo xeito, promocionarase novos métodos de comercialización de pesca fresca e pesca viva por medio de atmosferas controladas e potenciaranse nos países emerxentes do "know how", é dicir, do coñecemento, tanto no sector pesqueiro como no acuicultor.

Segundo fixa este convenio de colaboración, a Asociación do Comité Executivo da Exposición Mundial da Pesca Vigo 2009 está obrigada a desenvolver as accións específicas establecidas no convenio e a facer constar a participación da Consellería e



do Fondo Europeo da Pesca nas actuacións que teñan lugar no marco da feira. Tamén deberá presentar á Consellería unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio. Nela detallaranse cada unha das accións promocionais previstas, xunto coa xustificación gráfica de cada unha, o seu programa e data. Así mesmo, incluírá unha avaliación do impacto producido por cada acción (público obxectivo, número de visitantes, etc.).



## **A XUNTA DESTINA 725.100 EUROS Á CONSTRUCIÓN DUNHA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE E DUNHA REDE DE COLECTORES NO CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA (OURENSE)**

- *A nova rede de abastecemento dará servizo aos núcleos de Abelenda, Casares e Fornelos, e a de saneamento ao núcleo de Carballeda de Avia*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, dotará ao Concello de Carballeda de Avia, na provincia de Ourense, de novas infraestruturas de abastecemento e saneamento. O proxecto foi aprobado hoxe no Consello da Xunta e recolle a construción dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) e dunha rede de colectores.

A planta de tratamento e rede de abastecemento dará servizo aos núcleos de Abelenda, Casares e Fornelos. O proxecto recolle, ademais, a substitución de parte da rede de saneamento e a execución dun novo bombeo no núcleo de Carballeda de Avia.

A actuación conta cun orzamento de 725.100 euros, que serán sufragados na súa totalidade pola Administración hidráulica, e un prazo de execución de 9 meses.



## A XUNTA DESTINA 2,6 MILLÓNS DE EUROS AO ACONDICIONAMENTO DE VARIAS RÚAS E PRAZAS DE OURENSE

- *O Consello da Xunta aprobou este investimento que se plasmará nun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello*
- *As obras realizaranse na rúa Inmaculada e no seu contorno, na rúa Río Mao, na avenida de Zamora e na praza do Sagrado Corazón e rúas lindeiras*

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou un investimento de 2.662.779 euros para obras de acondicionamento de varias rúas e prazas do Concello de Ourense. A Consellería e o Concello asinarán un convenio de colaboración para executar estas obras en tres anualidades: un millón de euros en 2009, outro millón de euros en 2010 e os 662.779 euros restantes en 2011.

As zonas onde se intervirá son: a rúa Inmaculada e o seu contorno (Bispo Blanco Nájera, Sarmiento de Acuña, Cega, Peña Redonda, Praza Serra Leboeiro, rúa da Eirexa e rúa Travesa), avenida de Zamora, rúa Río Mao e Praza do Sagrado Corazón e rúas lindeiras (rúas Nicomedes Pastor Díaz, Benito Fernández Alonso, Travesía Fernández Alonso, Filomena Dato, M.R. García Álvarez e Castelo Ramiro).

O obxectivo destas actuacións é o acondicionamento e recuperación de determinadas zonas dentro da zona urbano da cidade a través da reordenación do tráfico rodado, co fin de lograr unha ampliación das zonas peonís, que ademais serán acondicionadas para facilitar a comunicación e accesibilidade, e serán habilitadas como zonas de descanso urbano.

As obras consistirán en reorganizar os carrís de tráfico rodado e acoutar zonas de aparcadoiro e carga e descarga, ampliar as zonas peonís, achegar mobiliario urbano, iluminación e vexetación, instalar placas de pedra granítica nas diferenzas de cotas entre beirarrúas e calzadas e, por último, restitución e solución das escaleiras para acceso a diferentes rúas.



## O GOBERNO GALEGO INVISTE 3,5 MILLÓNS DE EUROS NA URBANIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA ZONA HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O Consello da Xunta autorizou esta achega que quedará plasmada nun convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela*
- *As obras de mellora efectuaranse nas zonas de Hortas, Cruceiro do Galo, Belvís e rúa do Espírito Santo*

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou un investimento de 3,5 millóns de euros para varias actuacións de urbanización de espazos públicos na zona histórica de Santiago de Compostela, en concreto nas zonas de Hortas, Cruceiro do Galo, Belvís e rúa do Espírito Santo. A Consellería e o Concello asinarán un convenio de colaboración para executar estas obras en dúas anualidades: 920.000 euros en 2009 e 2.580.000 euros en 2010.

O obxectivo destas actuacións é a recuperación do patrimonio arquitectónico a través da rehabilitación, revitalización e posta en valor dos espazos urbanos e a creación de novos lugares de encontro e lecer para os cidadáns.

As obras consistirán na racionalización do trazado das rúas e espazos abertos, facilitar o tránsito e continuidade peonil resolvendo os problemas de accesibilidade, renovación completa das instalacións de abastecemento e saneamento, posible soterramento do cableado eléctrico e de telecomunicacións, así como o punto de recollida de residuos sólidos urbanos.

Tamén se analizarán os pavimentos das calzadas e das beirarrúas para valorar a súa reparación ou substitución, adecuación das beirarrúas no seu encontro coas vivendas tendo en conta os patíns ou desniveis existentes, integración no ámbito dos elementos visibles dos servizos urbanos, posibilidade de renovación do mobiliario urbano e, por último, instalación de elementos vexetais onde sexa posible.